



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 9

Creación de grupos e organizacións de produtores

Submedida 9.1

**Creación de agrupacións e organizacións
de produtores nos sectores agrícola e
forestal**



Índice

1. Medida 9. Creación de grupos e organizacións de produtores	2
1.1. Submedida 9.1 Creación de agrupacións e organizacións de produtores nos sectores agrícola e forestal	2
1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?	2
1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?	2
1.1.3. Como se outorga a axuda?	3
1.1.4. Que tipo de gastos se financian?	3
1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?	3
1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?	4
1.1.7. A canto ascende esta axuda?	4
1.1.8. Quen xestiona esta axuda?	5
1.1.9. Marco normativo	5
1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados	5

1. Medida 9. Creación de grupos e organizacións de produtores

O fomento dunha boa estrutura empresarial ligada ao sector agrario é fundamental para a comercialización dos produtos. Dada a vertebración do sector, con esta medida preténdese apoiar a creación de agrupacións e organizacións de produtores co fin de mellorar a súa competitividade e a comercialización dos seus produtos.

Esta medida artículase nunha única submedida:

- ✓ Submedida 9.1 Creación de agrupacións e organizacións de produtores nos sectores agrícola e forestal

1.1. Submedida 9.1 Creación de agrupacións e organizacións de produtores nos sectores agrícola e forestal

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

A axuda en virtude desta medida concederáse para facilitar a creación de agrupacións e organizacións de produtores nos sectores agrícola, gandeiro e forestal cos seguintes fins:

- ✓ A adaptación da produción e o rendemento dos produtores que sexan membros de tales agrupacións ou organizacións ás esixencias do mercado
- ✓ A comercialización conxunta dos produtos, incluída a preparación para a venda, a centralización das vendas e o abastecemento aos almacenistas
- ✓ O establecemento de normas comúns relativas á información sobre a produción
- ✓ Outras actividades que poidan realizar as agrupacións e organizacións de produtores, tales como o desenvolvemento de competencias empresariais e comerciais, e a organización e facilitación de procesos innovadores

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Poderán ser beneficiarios desta axuda as agrupacións e organizacións de produtores de nova creación recoñecidas oficialmente polas autoridades competentes dos Estados membros sobre a base dun plan empresarial que se axusten á definición de PEME.

Non se considerará de nova creación a fusión de organizacións ou agrupacións xa existentes. Poderán ser beneficiarios desta axuda as agrupacións e organizacións de produtores de nova creación recoñecidas oficialmente polas autoridades competentes dos Estados membros sobre a base dun plan empresarial que se axusten á definición de PEME.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

A axuda outorgase en forma de subvención, que consistirá nunha cantidade fixa a aboar en tramos anuais durante os 5 primeiros anos desde a data en que a autoridade competente recoñeza oficialmente a agrupación ou organización de produtores, sobre a base do plan empresarial. A axuda calcularase en función do Valor da Produción Comercializable (VPC) da Organización de Produtores e establecerase un valor mínimo de produción comercializable, acorde coa importancia de cada un dos sectores, para impedir a creación de entidades de moi pequeno tamaño que non supoñan un beneficio significativo dentro do sector.

1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Todas as actividades en liña co plan de empresarial da agrupación ou organización de produtores e relacionadas con calquera dos obxectivos definidos na descrición do devandito plan poderán considerarse elixibles.

O contido mínimo do plan empresarial será o seguinte:

- ✓ Descrición da situación inicial da Organización de produtores con indicación das fases e obxectivos concretos de desenvolvemento das actividades da nova organización;
- ✓ Información pormenorizada sobre investimentos, formación, asesoramento ou calquera outra medida necesaria para desenvolver as actividades da organización.
- ✓ Descrición dos seguintes aspectos do plan:
 - Datos básicos da Organización
 - Datos básicos do proxecto
 - Promotores
 - Produtos/Servizos
 - Plan de produción
 - Análise de mercado (con matriz DAFO)
 - Plan de *marketing*
 - Organización e persoal
 - Plan de investimentos
 - Escenario económico (ingresos, gastos, investimento, financiamento, balance, conta de resultados e tesourería)

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

Poderán optar a esta axuda todos os sectores produtivos fóra dos sectores avícola, tanto de posta como de engorde, e o sector porcino.

As agrupacións de produtores deberán ser recoñecidas previamente pola autoridade competente dos Estados membros sobre a base dun plan de negocios, de acordo ao procedemento legalmente establecido. O devandito plan deberá responder polo menos a un dos fins mencionados no artigo 27, apartado un do Regulamento (UE) 1305/2013.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes. En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan. Algúns dos criterios poderán referirse á selección de determinados sectores produtivos, como planta e flor e vacún de leite.

Tamén se terá en conta a aquelas organizacións ou agrupacións que inclúan un programa de certificación «respectuoso co clima» para os produtos alimenticios ou un sistema de xestión ambiental como a norma ISO 14001 ou o EMAS.

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda se outorga en forma de subvención, que consistirá nunha cantidade fixa a aboar en tramos anuais durante os cinco primeiros anos desde a data en que a autoridade competente recoñeza oficialmente a agrupación ou organización de produtores, sobre a base do plan empresarial. A axuda calcularase en función do Valor da Producción Comercializable (VPC) da Organización de Produtores e establecerase un valor mínimo de produción comercializable, acorde coa importancia de cada un dos sectores, para impedir a creación de entidades de moi pequeno tamaño que non supoñan un beneficio significativo dentro do sector. O importe das axudas non poderá ser superior a 100.000 € anuais nin exceder as seguintes porcentaxes do VPC:

- ✓ 1º ano: 10 % VPC
- ✓ 2º ano: 9 % VPC
- ✓ 3º ano: 8 % VPC
- ✓ 4º ano: 7 % VPC
- ✓ 5º ano: 6 % VPC

O último tramo aboarase só tras a comprobación da correcta execución do plan empresarial.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural.

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns ao FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, Feader e FEMP
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega
- ✓ Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- ✓ Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Real Decreto 1335/2011, do 3 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas no rexistro comunitario e a oposición a elas
- ✓ Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.8 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020.